

# Biblioteca para familias

CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO



# LISTADO DE LIBROS

1. TÉCNICAS BÁSICAS DE DISCIPLINA
2. NUEVAS TECNOLOGÍAS: NUEVAS ADICCIONES
3. NIÑOS DESOBEDIENTES Y OTROS PROBLEMAS DE CONDUCTA
4. RABIETAS, PATALETAS Y MALOS MODALES.
5. ENSÉÑAME A DECIR ADIOS.
6. INTELIGENCIA EMOCIONAL
7. MEJORAR LA AUTOESTIMA.
8. LOS JUGUETES, INTERNET Y EL TIEMPO LIBRE
9. EDUCAR EN LA REALIDAD
10. MI VIDA POR UN “LIKE”: el impacto sobre los menores de influencers, instagramers, youtubers y otros -ers
11. HIPERPATERNIDAD
12. MÁIS ALÓ DO AZUL E DO ROSA: Como previr a desigualdade de xénero e a violencia machista desde a famlia



## 1. TÉCNICAS BÁSICAS DE DISCIPLINA




Estas técnicas serven para actuar cando o nen@ rompe as regras ou as técnicas para educar non son suficientes, especialmente nos problemas de comportamento.

Dirixido a pais de nenos de 2 a 12 anos

Temática:

- Importancia da disciplina
- Características das técnicas de disciplina
- Que non se pode facer
- Orientacións para a súa correcta aplicación
- Os erros comúns a evitar
- A chamada de atención
- As reprimendas
- Tempo de espera
- Retirada de privilexios
- Sobrecorreción
- Ignorar sistematicamente
- Programas de comportamento
- Para saber máis:  Os pais preguntan, cuestionarios, avaliación técnicas de disciplina…
- Situacións típicas



## 2. NUEVAS TECNOLOGÍAS: NUEVAS ADICCIONES




Guía práctica para pais que teñen fillos adictos ás novas tecnoloxías.

Temática:

- As novas adiccións
- Vicios psicolóxicos
- A adicción ás novas tecnoloxías
- A televisión
- Internet: Adicción, uso ou abuso?, Trastorno de adicción a Internet, se non pode manexalos … Directrices básicas para un uso positivo…
- Videoxogos: Recomendacións para un uso responsable…
- O teléfono móbil: O mellor amigo dos nosos fillos, desde o uso ata o abuso do móbil, a adicción e as súas consecuencias
- Educa para evitar
- A modalidade educativa
- Os pais preguntan



## 3. NIÑOS DESOBEDIENTES Y OTROS PROBLEMAS DE CONDUCTA




Manual que axuda aos pais a tratar os problemas de conduta habituais dos nenos dos 3 aos 12 anos: dende os desobedientes a problemas mais graves.

Temática:

- Definición dos problemas de conduta: problemas de conduta e desobediencia, como se comportan os nen@s desobedientes?, os problemas de conducta leves, moderados ou graves.
- Causas e factores asociados
- Medidas básicas para o tratamento
- Estratexias para situacións concretas
- Os pais preguntan
- Cuestionarios
- Casos prácticos: o programa de conduta na casa.



## 4. RABIETAS, PATALETAS Y MALOS MODALES.




Manual para que os pais aprendan a manexar as rabechas dos nen@s e outros comportamentos similares tamén en maiores.

Dirixido a pais de nenos de 2-10 años

Temática:

- Que son as rabechas e pataletas?
- Outras conductas similares
- Factores condicionantes

- Estratexias e técnicas para tratar as rabechas
- Técnicas para o tratamento inmediato das rabechas
- Os pais preguntan
- Cuestionarios
- Solucións alternativas a casos prácticos:

  Caso 1º: Miguel e Isabel no parque

  Caso 2º: A hora de apagar o ordenador



## 5. ENSÉÑAME A DECIR ADIOS.




Este título está adicado a que os adultos proporcionen aos nen@s e aos adolescentes as claves necesarias para superar de forma normalizada a perda dun ser querido, facilitando a súa integración dentro do proceso de duelo.

Mediante ideas prácticas e suxerencias de actuación, este libro pretende dar resposta ás inquedanzas das familias respecto a como deben comportarse e como deben manexar las situacións de perda para evitar que podan influir no seu desenrolo.

Temática:

- Os nen@s e @s adolescentes ante  perda.
- Que necesitan os menores ante a perda. Pautas xerais.
- Cando acudir a un especialista.
- Os pais preguntan.
- Mais recursos.



## 6. INTELIGENCIA EMOCIONAL




A intelixencia emocional é un tema de vixente actualidade pero, ata agora, foi unha das grandes cuestións no ámbito da psicoloxía e a educación infantil.

Esta guía intenta dar a coñecer aspectos da educación que tradicionalmente foron pouco e que sen embargo resultan vitais para a formación de calquer persoa, en especial dos nosos fillos. Axudaranos a reflexionar sobre as nosas pautas educativas con suxerencias prácticas e moi útiles para axudarnos nesta tarefa: que tipo de persoas queremos formar?, ¿a que chamamos intelixencia? e sobre todo, cal é o tipo de intelixencia máis importante?

Temática:

- A autoestima
- A asertividade
- A empatía
- A escoita activa
- O autocontrol
- Mitos relativos ao crecemento emocional dos nos@s fill@s
- Os pais preguntan
- Para saber máis… Películas.



## 7. MEJORAR LA AUTOESTIMA.




A autoestima é un elemento valorativo mediante o cal tomamos moitas decisións da nosa vida cotiá. Na formación da autoestima inflúen moitos elementos cognitivos, condutuais e sociais. A autoestima comeza a desenrolarse aos 5 anos, coincidindo coa etapa preescolar, na que os menores amplían a súa socialización fóra do ámbito familiar. Nesta guía coñeceremos a influencia que exercen os pais no autoconcepto infantil e ofrecerannos sinxelas pautas para fomentar a autoestima dos nosos fill@s, dende a infancia ata a adolescencia.

Temática:

- A autoestima
- Influencia do entorno no desenrolo da autoestima
- Emocións que inflúen na autoestima
- Pensamentos que inflúen na autoestima. O modelo ABC, reestructuración cognitiva…
- Como saber se o meu fill@ ten unha autoestima saudable.



## 8. LOS JUGUETES, INTERNET Y EL TIEMPO LIBRE




Orientacións para afrontar o tempo libre dos fill@s, especialmente sobre o uso dos xoguetes, os diferentes videoxogos e internet.

Dirixido a pais de nen@s de 3 a 12 años.

Temática:

- Consideracións previas sobre o xogo
- Orientacións sobre os xoguetes
- Orientacións sobre os videoxogos
- Orientacións sobre o uso de internet.



## 9. EDUCAR EN LA REALIDAD




Os nosos fill@s aprenden en clave de realidade. Para poder captala, precisan relacións interpersoais, contacto coa beleza e motivos para actuar con sentido. Precisan sensibilidade, empatía, atención...

Nun mundo no que as pantallas están cada vez máis presentes, poden padecer DÉFICIT DA REALIDADE. Neste senso, a autora desvela con evidencias demoledoras unha serie de mitos educativos e desmostra que a mellor preparación para utilizar as novas tecnoloxías de forma responsable ten lugar na realidade; é dicir, que *a mellor preparación para o mundo online é o mundo offline*



## 10. MI VIDA POR UN "LIKE": el impacto sobre los menores de influencers, instagramers, youtubers y otros -ers




Son as estrelas do século XXI, a idade de ouro do postureo, e brillan tanto ou máis que os futbolistas e os cantantes. Os chamados influencers cautivan cos seus vídeos e fotos en redes sociais a millóns de nen@s, adolescentes e adultos nov@s que seguen o seu día a día, as súas opinións, as súas viaxes e as súas retos absurdos. Parece sinxelo, pero necesítase esforzo e talento para chegar alto. Saben conectar como ninguén cos moz@s, confían neles, os contidos son frescos e aparentemente espontáneos e chegan a moitas máis persoas que a retransmisión televisiva máis exitosa.

Os nen@s e moz@s queren ser como eles/as porque á súa desmedida fama, que alimentan millóns de seguidores, súmanse uns importantes beneficios económicos.

Xa dende nen@s, intentan seguir os seus pasos sen importarlles que para iso teñan que arriscar a vida para facerse un selfie, expoñer a intimidade ata límites insospeitados, retransmitir o que fan a millóns de descoñecidos...

Todo vale con tal de gañar seguidores e ter máis e máis likes nas redes sociais. Un mundo onde <u>mandan as aparencias e a felicidade artificial</u>, no que os pais e os mestres están ausentes.

Que pracer experimentan os menores cando as súas fotos ou vídeos teñen éxito nas redes sociais? Son tan influenciables os meus fill@s como para publicar imaxes que lles persigan toda a vida? Que pasaría si un youtuber de éxito incitase aos seus millóns de seguidores a seguir determinadas ideas políticas?

Entender o fenómeno canto antes é a clave para guiar aos nosos fillos na súa vida dixital



## 11. HIPERPATERNIDAD




No século XXI, as familias evolucionaron ata o punto de que os fill@s convertéronse no centro das mesmas. E dispostos a «darlles todo» e a conseguir uns fill@s perfectos, orbitan os hiperpais ou «paishelicóptero», que exercen unha crianza baseada en estar sempre encima dos fill@s, anticipándose aos seus desexos e resolvéndolles todos os seus problemas. Un cóctel con ingredientes como a estimulación precoz, as axendas repletas, a tolerancia cero á frustración e os enfrontamentos cos mestres que podan cuestionar as marabillas do neno ou a nena.




Aínda que exercida coa mellor intención, a “hiperpaternidade” estase levando por diante aspectos tan vitais no desenvolvemento dos fillos como *a adquisición de autonomía, a capacidade de esforzo e o tempo para xogar*. Tamén provoca familias tensas e nenos tan sobreprotexidos que, irónicamente, teñen máis medos que nunca.

Con rigor e un punto de humor, este libro analiza o fenómeno dos hiperpais e dá claves para a práctica do “underparenting” ou a “desatención”: relaxarse, confiar nos fillos e deixalos máis *ao seu aire*



12. MÁIS ALÓ DO AZUL E DO ROSA: Como previr a desigualdade de xénero e a violencia machista desde a famlia




Neste manual dominado por unha linguaxe directa e sinxela; a autora ofrece un compendio de estratexias de prevención de doada aplicación nun contexto familiar, claramente marcado polo criterio da utilidade

Articulado en cinco partes de xeito que ao primeiro cuestionamento respecto da existencia dunha sociedade igual para homes e mulleres, engádense as respostas a cuestións como son o que se pode facer como pais e nais para educar en igualdade e previr a violencia machista desde a casa, asediar as causas do maltrato machista e o universo conflitivo dos adolescentes na casa para concluír cunha sorte de decálogo que definen as familias que educan en igualdade.

Un libro que debería estar en moitas casas, en moitos centros de ensino e en moitas bibliotecas pois á erradicación dun dos grandes males do noso tempo tamén axudan os libros coma este que educan e orientan dende as instancias da reflexión e da toma de partido.

LIBRO CEDIDO POLA

ANPA DO CEIP PLURILÍNGÜE DE SEIXALBO